



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

Mar Pereira Álvarez

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Sr. D. Enrique Dans Pérez  
María de Molina, 12-4º Izqda.  
28001 MADRID


*Apremiado Ruiz:*

A Xunta de Galicia vén de aprobar o Decreto 21/2010, do 4 de febreiro de 2010 (DOG 26 de febreiro), polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA). O Observatorio, adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información e a modernización das administracións públicas de Galicia

O artigo 4.2 do mencionado Decreto, prevé que o Pleno do OSIMGA conte cunha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de Sociedade da Información. É por iso que sería unha honra que formase parte do Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia en calidade de vogal.

Agradecéndolle de antemán a súa aceptación a esta invitación, adiantolle que a 1ª reunión do Pleno do OSIMGA terá lugar o 22 de marzo ás 12:00 horas, no lugar e coa orde do día que se lle comunicará proximamente.

*Vosha aperta:*



Rógase confirmación de asistencia no seguinte enderezo: [sxmit@xunta.es](mailto:sxmit@xunta.es)